

## **Educación Infantil**

“Agora Marcos segue metidiño dentro da botella que está posta enriba do televisor, agardando enfraquecer dabondo como para recobra-la liberdade. Todos din que fai moi bonito alí, que é o adorno máis bonito que teñen na casa: unha botella cun neno dentro”

- Xogando ás agachadas (O armario novo de Rubén)

---

### **1º ciclo de Primaria**

“Así estaba cando de súpeto comezou a se elevar do chan e saíu voando pola ventá dacabalo da vasoira [...] ata que andaba por riba das nubes. [...] Crisanto levou unha nova sorpresa ó ver que por alí había moitos nenos e nenas que tamén andaban dacabalo das súas vasoiras, ata había un que voaba montado nunha aspiradora eléctrica.”

- Dacabalo da vasoira (O armario novo de Rubén)

---

### **2º ciclo de primaria**

“Unha vez era un río, e no río vivía unha nena que era toda ela de auga, cos cabelos de auga, as pernas de auga, os ollos de auga, e cando choraba botaba bágoas de lume que a auga do río lle mataba de contado...”

- A nena de auga e o príncipe de lume

---

### **3º ciclo de Primaria**

“Tiña a cara branquiña e os ollos da cor do mel. Os cabelos baixábanlle unha miguiña dos ombros e eran da cor do ouro. [...] Nas costas catro ás, dúas pequenas e outras dúas máis grandes, non paraban de se mover facendo voar arredor dela tódalas cores do arco da vella... [...] A fada boa, fermosa como unha deusa, voaba dando voltas por entre os castiñeiros que viraban e reviraban as súas follas para vela pasar.”

- Mouriño (A nena de auga e o príncipe de lume)

---

### **1º ciclo de ESO**

“Había unha manda que non eran quen de dar con ela nin os mellores cazadores [...] Eran seis ou sete animais grandes [...] Parece ser que o animal que mandaba nela era unha femia de ollos coma dous ferros quentes. Ela era a máis fera de todos, plantábase diante do home, chantaba os pés na terra e arregañaba os dentes ouveando sen dar un paso atrás.”

- A loba (Cando petan na porta pola noite)

## 2º ciclo de ESO

“Aquela mañá recibira por tan estraño correo o mesmo sobre sen remitente que lle chegara tal día coma hoxe do ano pasado e mais do anterior. Era un sobre dos que chamaban de loito, tiña unha fita negra arredor de toda a beira. Dentro unha tarxeta orlada igualmente de negro e atravesándoa toda o texto: ¡Feliz cumpremortes! Abaixo, na esquina dereita, a data.”

- O cumpremortes (Cando petan na porta pola noite)

---

### **Educación Especial**

“Cando o reloxo comenzou a dar as badaladas correspondentes ás doce da noite, xa moitos dos habitantes de Eiranova estaban na cama. [...] Tann, dez... Pensaba o Xes. Tann, once... Contaba Cristina no leito.

Tann, TRECE!! O reloxo deu unha badalada que facía o número trece.”

- O misterio das badaladas